

SIMÓN

Bos días dende radio Mende. Aproveitando o aniversario do nacemento de Rosalía de Castro, recitaremos un poema para lembrar a unha escritora e poeta moi importante para a cultura galega.
A música é de Lucía Pérez, cantante galega que interpreta o poema que imos recitar.

LÁZARO

Con todos vós, o alumnado de primaria.

LEIRE

Adiós ríos, adiós fontes
adiós, regatos pequenos;
adiós, vista dos meus ollos,
non sei cándo nos veremos.

LEO

Miña terra, miña terra,
terra donde m'eu criei,
hortiña que quero tanto,
figueiriñas que prantei.

PABLO

Prados, ríos, arboredas,
pinares que move o vento,
paxariños piadores,
casiña d'o meu contento.

HUGO

Muiño dos castaños,
noites craras do luar,
campaniñas timbradoiras
da igrexiña do lugar.

NOA

Amoriñas das silveiras
que eu lle daba ó meu amor,
camiñiños antre o millo,
¡adiós para sempre adiós!

LEYRE

¡Adiós, gloria! ¡Adiós, contento!
¡Deixo a casa onde nacín,
deixo a aldea que conoso,
por un mundo que non vin!

XOÁN

Deixo amigos por extraños,
deixo a veiga polo mar;

CHLOE

deixo, en fin, canto ben quero...
¡quén puidera non deixar!

GABRIEL

Adiós, adiós, que me vou,
herbiñas do camposanto,
donde meu pai se enterrou,
herbiñas que biquei tanto,
terriña que nos criou.

LUCAS

Xa se oían lonxe, moi lonxe,

DAVID

as campanas do pomar;

NAIRA

para min, ¡ai!, coitadiño,
nunca máis han de tocar.

DIEGO

Xa se oían lonxe, máis lonxe,

SHEREZADE { Cada balada é un dolor

ROI { Voume soia, sen arrimo
Miña terra, adiós!, adiós!

NOA { ¡Adiós tamén, queridiña...
Adiós por sempre quizáis!...

ALICIA { Dígoche este adiós chorando
desde a beiriña do mar.

DYLAN { Non me olvides, queridiña,
si morro de soidá...

SARA { tantas légoas mar adentro...
¡Miña casiña!, ¡meu lar!

CLOE { Adios rios, adios fontes
Adios regatos pequenos

JAVIER { Adios vista dos meus ollos
Non sei cando nos veremos
Non sei cando nos veremos